



XUNTA
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL
DE SAÚDE PÚBLICA

Xacobeo  2027

PROGRAMACIÓN DOCENTE

2026

**ESCOLA
GALEGA DE
SAÚDE PÚBLICA**

Dirección xeral Saúde Pública



Programación docente da Escola Galega de Saúde Pública 2026

A Escola Galega de Saúde Pública configúrase como un instrumento estratéxico da Consellería de Sanidade para a xeración, transferencia e difusión do coñecemento en materia de saúde pública. A súa actuación oríentase á formación, á investigación e á innovación, coa finalidade de garantir un elevado nivel técnico e científico dos profesionais que desempeñan funcións no ámbito da saúde pública, así como de facilitar a adquisición de coñecementos por parte doutros profesionais de distintos sectores públicos e privados e da cidadanía en xeral.

No marco das súas competencias, a Escola Galega de Saúde Pública contribúe ao desenvolvemento e consolidación dun modelo de saúde pública actualizado, coherente cos principios de intersectorialidade, equidade e mellora continua da saúde da poboación, e preparado para afrontar eficazmente as novas ameazas, favorecendo a coordinación e cooperación entre os distintos axentes implicados, cun enfoque orientado á cidadanía.

Programación docente 2026

Logo de consultar coas diferentes unidades da Dirección Xeral e atendendo ao establecido nos itinerarios formativos e as necesidades de formación dos diferentes colectivos profesionais e a cidadanía, establécese a programación docente para o ano 2026.

O volume total da actividade formativa acredita o compromiso da Escola Galega de Saúde Pública cunha oferta ampla, especializada e adaptada ás necesidades formativas dos/-as profesionais de saúde pública, doutros ámbitos profesionais e da cidadanía en xeral.



A. Programa formativo destinado aos profesionais de saúde pública: A nosa Escola

Inclúe accións de formación de capacitación e de formación continuada orientadas á actualización permanente dos coñecementos e competencias dos profesionais da saúde pública.

A.1 Formación de capacitación

Desenvolvida a través de Master, Diplomas ou cursos superiores en materias concretas de saúde pública.

A.2 Formación continuada

Comprende, entre outras, accións formativas en auditoría interna, sistemas de información, metroloxía, análise estatística, ferramentas dixitais e intelixencia artificial aplicadas á saúde pública.

B. Programa formativo destinado a outros colectivos profesionais e á cidadanía: A Escola Aberta

Dirixida á formación e información de profesionais doutros ámbitos públicos e privados, así como da cidadanía, especialmente en promoción da saúde, vacinación, seguridade alimentaria, saúde ambiental e estilos de vida saudables.

B.1 Formación dirixida

Formación á carta: Programas específicos de formación en saúde pública. Destinada ao persoal das administracións local e autonómica (ámbito da educación, ámbito sociosanitario, etc.,), persoal de entidades ou empresas e axentes sociais.

B.2 Formación/Información para a cidadanía

Formación aberta a outros colectivos profesionais públicos e privados, así como actividades formativas dirixidas a cidadanía.



Actividades Formativas 2026

A.- PROGRAMA FORMATIVO DESTINADO AOS PROFESIONAIS DE SAÚDE PÚBLICA: A NOSA ESCOLA

A1. Capacitación

1.- DIPLOMADO EN SAÚDE PÚBLICA

En colaboración coa Escola Nacional de Sanidade e a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS).

Destinatarios: Licenciado, diplomado ou Grao Universitario ou equivalente no sector sanitario ou profesional titulado universitario que desempeñe funcións no ámbito sanitario no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Créditos: ECTS: 30. 275 hrs

Lugar de celebración: En liña

Data: Novembro 2026 a Setembro 2027

A2. Formación continuada

2.- ESTRUCTURA DOS PROTOCOLOS DE INSPECCIÓN EN HERMEMOBIL

Persoas destinatarias: Persoal inspector de saúde pública

Modalidade: Telepresencial

Edicións: 1

Horas lectivas: 8

Lugar de celebración: En liña

Data: 03 e 23 de Febreiro, 03 e 27 de Marzo



3.- ACTUALIZACIÓN VERSIÓNS HERME E HERME-MÓBIL NOS ÁMBITOS DA SAÚDE AMBIENTAL E DA SEGURIDADE ALIMENTARIA

Persoas destinatarias: Persoal inspector de saúde pública

Modalidade: Telepresencial

Edicións: 2

Horas lectivas: 2

Lugar de celebración: En liña

Data: 07 de Maio e Outubro (por determinar)

4.- CURSO DE METROLOXÍA E MEDICIÓN DE TEMPERATURA

Persoas destinatarias: Persoal técnico da dirección xeral de saúde pública e dos departamentos territoriais

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Horas lectivas: 10

Lugar de celebración: Santiago de Compostela

Data: 11 e 12 de Maio

5.- CURSO PRÁCTICO DE AUDITORÍA INTERNA SEGUNDO A ISO/IEC 17020: REQUISITOS, METODOLOXÍA E APLICACIÓN PRÁCTICA

Persoas destinatarias: Persoal inspector de saúde pública

Modalidade: Presencial

Edicións: 3

Horas lectivas: 8

Lugar de celebración: Pontevedra, Ourense e Lugo

Data: 08, 09 e 10 de Xuño

6.- ANÁLISE E VISUALIZACIÓN DE DATOS DE SAÚDE CON R COMMANDER

Persoas destinatarias: Persoal técnico da dirección xeral de saúde pública e dos departamentos territoriais

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1



Horas lectivas: 20

Lugar de celebración: En liña

Data: Xuño

7.- MICROSOFT WORD AVANZADO

Persoas destinatarias: Persoal técnico da dirección xeral de saúde pública

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Horas lectivas: 4

Lugar de celebración: Santiago de Compostela

Data: Xuño

8.- FUNDAMENTOS DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL XENERATIVA PARA SAÚDE PÚBLICA

Persoas destinatarias: Persoal da dirección xeral de saúde pública e dos departamentos territoriais

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Horas lectivas: 4

Lugar de celebración: Santiago de Compostela

Data: Setembro

9.- MANEXO DO SINAC PARA A INSPECCIÓN

Persoas destinatarias: Persoal farmacéutico inspector de saúde pública ou técnicos de saúde pública

Modalidade: Autoformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 3

Lugar de celebración: En liña

Data: Setembro - Novembro



10.- MANEXO DO SILOÉ PARA A INSPECCIÓN

Persoas destinatarias: Persoal farmacéutico inspector de saúde pública ou técnicos de saúde pública

Modalidade: Autoformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 3

Lugar de celebración: En liña

Data: Setembro - Novembro

11.- BÁSICO DE BUSCAS BIBLIOGRÁFICAS

Persoas destinatarias: Persoal da dirección xeral e dos departamentos territoriais

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Horas lectivas: 4

Lugar de celebración: Santiago de Compostela

Data: Outubro

12.- AVANZADO DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL XENERATIVA PARA SAÚDE PÚBLICA

Persoas destinatarias: Persoal da dirección xeral de saúde pública e dos departamentos territoriais

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 20

Lugar de celebración: En liña

Data: Novembro



B.- PROGRAMA FORMATIVO DESTINADO A OUTROS PROFESIONAIS E A CIDADANÍA: A ESCOLA ABERTA

1.- II CURSO DE FORMACIÓN CONSTRUINDO SAÚDE

Persoas destinatarias: Profesional técnico en prevención daquelas localidades nas que se vaia aplicar o programa no curso académico 25-26.

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Horas lectivas: 6

Lugar de celebración: Santiago de Compostela

Data: 20 de Febreiro

2.- II PLAN DE FORMACIÓN SOBRE VACINACIÓN NO ADULTO

En colaboración co Instituto de Investigación sanitaria (IDIS) e patrocinado por GSK

Persoas destinatarias: Pesoal do SERGAS, especialmente dirixido a persoal facultativo, farmacéutico e persoal de enfermaría

Modalidade: Presencial

Edicións: 9

Horas lectivas: 4

Lugar de celebración: Vigo, Lugo, Ourense, Burela, Coruña, Barco de Valdeorras, Ferrol, Pontevedra e Santiago de Compostela

Datas: 21, 22, 28 e 29 de Abril, e 06, 13, 19, 21 e 28 de Maio

3.- REGAVIVEC. VIXILANCIA E CONTROL DE VECTORES CON INTERESE EN SAÚDE PÚBLICA

Persoas destinatarias: Persoal técnico dos concellos de Galicia e doutras administracións públicas.

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Horas lectivas: 8

Lugar de celebración: Santiago de Compostela

Data: Xuño



4.- EQUITADE EN SAÚDE. APRENDENDO CO POBO XITANO

En colaboración co Ministerio de Sanidade

Persoas destinatarias: Profesionais socio-sanitarios de atención primaria

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 50

Lugar de celebración: En liña

Datas: Setembro

5.- ALIMENTACIÓN SAUDABLE E SOSTIBLE NOS COMEDORES ESCOLARES

Persoas destinatarias: Persoal da administración xeral da comunidade autónoma,
das entidades públicas instrumentais e da administración
institucional adicados a xestión de comedores escolares

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Horas lectivas: 8

Lugar de celebración: Santiago de Compostela

Data: Setembro

6.- ACCIÓN COMUNITARIA PARA A SAÚDE

En colaboración co Ministerio de Sanidade

Persoas destinatarias: Profesionais socio-sanitarios de atención primaria

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 15

Lugar de celebración: En liña

Data: Setembro

7.- PROGRAMA CONSTRUINDO SAÚDE

Persoas destinatarias: Profesorado de educación secundaria obrigatoria (ESO)

Modalidade: Presencial

Edicións: 2



Horas lectivas: 10

Lugar de celebración: Santiago de Compostela

Data: Setembro e Outubro

8.- EDUCACIÓN PARA A SAÚDE INDIVIDUAL SOBRE ESTILO DE VIDA

En colaboración co Ministerio de Sanidade

Persoas destinatarias: Profesionais socio-sanitarios de atención primaria

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 25

Lugar de celebración: En liña

Data: Setembro, Outubro e Novembro

9.- SAÚDE LOCAL

En colaboración co Ministerio de Sanidade

Persoas destinatarias: Profesionais de atención primaria

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 40

Lugar de celebración: En liña

Data: Setembro, Outubro e Novembro

10.- DETECCIÓN E MANEXO DA FRAXILIDADE E CAÍDAS NAS PERSOAS MAIORES

En colaboración co Ministerio de Sanidade

Persoas destinatarias: Profesionais socio-sanitarios de atención primaria

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 30

Lugar de celebración: En liña

Data: Setembro, Outubro e Novembro



11.- EDUCACIÓN PARA A SAÚDE GRUPAL SOBRE ESTILOS DE VIDA

En colaboración co Ministerio de Sanidade

Persoas destinatarias: Profesionais socio-sanitarios de atención primaria

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 40

Lugar de celebración: En liña

Data: Setembro, Outubro e Novembro

12.- LACTANCIA MATERNA

En colaboración co Ministerio de Sanidade

Persoas destinatarias: Profesionais socio-sanitarios de atención primaria

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Horas lectivas: 12

Lugar de celebración: En liña

Data: Setembro, Outubro e Novembro

13.- PREVENCIÓN DA LEXIONELOSE EN CLÍNICAS ODONTOLÓXICAS

Persoas destinatarias: Profesionais de clínicas odontolóxicas: facultativos, persoal de enfermería e auxiliares.

Modalidade: Telepresencial

Edicións: 1

Horas lectivas: 4

Lugar de celebración: En liña

Mes de realización: Outubro



RESUMO DA PROGRAMACIÓN

A oferta formativa correspondente ao ano 2026 estrutúrase en dous grandes eixos: o Programa formativo destinado aos profesionais de saúde pública (**A Nosa Escola**) e o Programa formativo dirixido a outros colectivos profesionais e á cidadanía (**A Escola Aberta**).

No seu conxunto, a Programación Docente 2026 estrutúrase en **37 actividades formativas**, distribuídas en diferentes edicións de cursos, que suman un volume global de **645 horas lectivas**.

Estas actividades impártense en diferentes modalidades –presencial, teleformación, telepresencial e autoformación– co obxectivo de garantir o acceso á formación dos distintos colectivos destinatarios.

Distribución das edicións por eixos:

- Programa A Nosa Escola: 15 edicións.
- Programa A Escola Aberta: 22 edicións.

Distribución das edicións por modalidade:

- Presencial: 21 edicións.
- Telepresencial: 4 edicións.
- Teleformación: 10 edicións.
- Autoformación: 2 edicións.

A presente programación será de aplicación durante o ano 2026, sen prexuízo das modificacións que, de ser ou caso, poidan derivarse de necesidades organizativas, da dispoñibilidade orzamentaria ou das instrucións da unidade promotora competente.

Aprobado pola Dirección Xeral de Saúde Pública

Dña. Carmen Durán Parrondo